



Concello de Arbo

BASES QUE REXIRÁN A SELECCIÓN, CON CARÁCTER TEMPORAL , DE 13 PEÓNS ENTRE PERSOAS DESEMPREGADAS DENTRO DO PROGRAMA DE ACTIVACIÓN DO EMPREGO DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA 2024- LIÑA-3, NO MARCO DO PLAN + PROVINCIA 2024

Primeira.- Obxecto:

As presentes bases teñen como finalidade a determinación do sistema, procedemento e criterios aplicables neste procedemento selectivo aberto para a contratación, con carácter temporal, de trece (13) persoas desempregadas , inscritas no Servizo Público de Emprego de Galicia como demandantes non ocupados e que estean dispoñibles para o emprego, e na categoría de peón, dentro do Programa de Activación do Emprego da Deputación Provincial de Pontevedra 2024 (Liña 3), segundo bases publicadas no BOP de Pontevedra de 3 de xaneiro de 2024 e aprobadas polo Pleno da Deputación Provincial de Pontevedra o día 29.12.2023, e subvención concedida a esta entidade a través de acordo da Xunta de Goberno da Deputación Provincial de Pontevedra de 2 de febreiro de 2024.

Segunda.- Características da relación laboral:

O persoal finalmente seleccionado formalizará contrato para a mellora da ocupabilidade e a inserción laboral, ao abeiro do recollido na disposición adicional novena do texto refundido da Lei de emprego, cunha duración de 6 meses, se ben, un peón forestal terá contrato cunha duración de 7 meses , e, todos eles, en xornada de 30 horas semanais, sendo os traballos a desenvolver de interese xeral e social indispensables para o bo funcionamento da comunidade e o benestar dos veciños, dentro do eido competencial propio das categorías para as que se realiza a contratación. Do mesmo xeito, serán datos de alta na Seguridade Social co código 505, ao ser a xornada a tempo parcial.

As funcións a realizar polo persoal contratado serán de reforzo/apoio nas tarefas que desempeña o persoal propio do Concello; ou calquera outra tarefa propia da súa categoría.

A xornada distribuirase de luns a domingo, en horario de mañá e/ou tarde, segundo as necesidades dos respectivos servizos, e respectando os descansos regulamentarios.

As retribucións serán as que resultan do acordo de concesión do Ente Provincial, 1.238,39 € custo bruto por traballador mensual incluído coste empresa, asumindo o Concello o custo das indemnizacións por fin de contrato e sendo as ocupacións que se





Concello de Arbo

van a contratar as de trece (13) peóns de servizos varios, distribuídos en: 2 operarios de servizos xerais, 9 peóns forestais, e 2 axudantes de tarefas de axuda no fogar.

As retribucións brutas mensuais dos traballadores a contratar serán de 928,81€.

Terceira.- Requisitos dos participantes: As persoas interesadas en tomar parte nesta contratación, deberán reunir os seguintes requisitos:

I) Requisitos específicos: Perfil Profesional requirido:

- a. De acordo co establecido nas bases reguladoras do Plan de Obras e Servizos de Competencia Municipal (Plan Máis Provincia) 2024, publicadas no BOP de 3 de xaneiro de 2024, e dentro do Programa de Activación do Emprego 2024 da Deputación Provincial de Pontevedra (líña 3), ditas axudas destinaranse á contratación laboral de persoas desempregadas , inscritas no Servizo Público de Emprego de Galicia como demandantes non ocupados nas categorías/ocupacións referidas na base anterior e que estean dispoñibles para o emprego de acordo coas Bases do Programa de Activación de Emprego 2024 da Deputación, especificamente co disposto na Base Cuadraxésima Primeira do Capítulo III.
- b. Ademais dos anteriores deberán terse en conta os requisitos específicos recollidos no **Anexo I: Requisitos específicos destas Bases.**

Este será o perfil profesional que deberá ser requirido e incorporado no momento de presentar a oferta xenérica de emprego no Servizo Público de Emprego.

II) Requisitos xerais: Serán os requisitos legalmente previstos, con carácter xeral, para o acceso ao emprego público:

- a. Ser maior de 16 anos, e non exceder, no seu caso, da idade máxima de xubilación forzosa.
- b. Non padecer enfermidade, nin estar afectado por limitación física ou psíquica que sexa incompatible co desempeño das correspondentes funcións.
- c. Non estar separado, mediante expediente disciplinario, do servizo de calquera administración pública, nin atoparse inhabilitado por sentenza firme para o exercicio de funcións públicas.
- d. Para os nacionais doutros estados estarase ao disposto no artigo 57 do Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público; non obstante, se non é cidadán membro da Unión Europea, deberá, posuír o permiso de traballo necesario, de acordo co establecido na Lei Orgánica





Concello de Arbo

4/2000, de 11 de xaneiro, sobre dereitos e liberdades dos estranxeiros en España e a súa integración social.

- e. Non atoparse incurso en ningunha das causas de incapacidade e incompatibilidade previstas na lexislación vixente.

Estes requisitos deberán ser acreditados debidamente nos prazos e termos sinalados nestas bases para a presentación de documentación.

Cuarta.- Procedemento de selección:

a) Preselección de candidatos mediante chamamento ao Servizo Público de Emprego:

O Concello presentará oferta xenérica de emprego na Oficina Pública de Emprego, nos modelos normalizados para o efecto, facendo referencia aos requisitos e características que deben reunir os aspirantes a ser contratados, conforme ás esixencias funcionais e profesionais da actividade a desenvolver, facendo constar a categoría profesional/postos a desenvolver. En todo caso, ditos criterios e requisitos específicos corresponderase co previsto, ao respecto, na base terceira, apartado I) das presentes bases, e non poderán conter, en ningún caso, elementos que poidan servir de base para calquera tipo de discriminación baseada en criterios persoais e/ou subxectivos e ao marxe dos principios de obxectividade e imparcialidade que deben guiar o presente proceso

Os/as candidatos/as presentaranse no Concello o día que sexan convocados/as na notificación do Servizo Público de Emprego para recoller as bases do proceso de selección.

b) Sistema de selección de candidatos:

Unha vez remitidos ao Concello, por parte da Oficina Pública de Emprego, a relación de candidatos preseleccionados para a súa posible contratación, conforme aos criterios e requisitos previamente solicitados, ao abeiro do referido Programa de Activación de Emprego 2024 (Liña 3), a Comisión de Selección, constituída ao efecto, nos termos do previsto nestas bases, procederá a selección definitiva dos mesmos, co obxecto de seleccionar e contratar ao persoal que deba ser obxecto de incorporación.

O sistema de selección a empregar consistirá nun concurso de méritos, no que se procederá á valoración dos méritos alegados polos diferentes candidatos, coa finalidade de valorar a adecuación e idoneidade dos aspirantes remitidos polo Servizo Público de Emprego para o adecuado desenvolvemento das funcións, contidos e actividades do posto obxecto de cobertura.

A estes efectos, no proceso de selección valoraranse os seguintes méritos, cuxa documentación acreditativa dos mesmos deberá entregarse no Rexistro Xeral do Concello de Arbo, no prazo máximo de 3 días hábiles dende o día seguinte a comparecencia no Concello e entrega aos candidatos das presentes bases de selección.





Concello de Arbo

Unha vez presentada a documentación reunirase a comisión de selección para a valoración dos méritos, podendo conceder un prazo de 2 días hábiles para emenda de documentación.

Aos efectos de cubrir de forma máis eficaz as necesidades dos servizos municipais xiraranse varias ofertas en atención as datas estimadas de contratación para cada posto previstas no Anexo I destas bases.

1.- Situación persoal: Máximo 8,50 puntos.

a.- Situación de desemprego: desemprego a contar nos últimos 2 anos, entendendo dende o 01/01/22 ata o 31/12/23 ata un máximo de **1,80 puntos** seguindo o seguinte baremo:

DIAS DESEMPREGADO	PUNTUACIÓN
0 a 90 días	0,50 puntos
91 a 181 días	0,75 puntos
182 a 272 días	1,00 puntos
273 a 363 días	1,25 puntos
364 a 454 días	1,50 puntos
455 a 635 días	1,75 puntos
Más de 635 días	1,80 puntos

As circunstancias incluídas neste apartado deberán xustificarse achegando informe de períodos de inscrición de desemprego emitido polo Servizo Galego de Colocación.

b.- Mulleres con baixa cualificación: mulleres con 30 ou máis anos que non finalizaran os estudos correspondentes ao título de Bacharelato ou Ciclo Formativo de Grado Medio do Sistema de Formación Profesional: **1,20 puntos**

c.- Ser candidato maior de 45 anos: **1,10 puntos**

d.- Persoas mozas, especialmente con baixa cualificación: persoas xoves menores de 30 anos que non finalizaran os estudos correspondentes ao título de Bacharelato ou Ciclo Formativo de Grado Medio do Sistema de Formación Profesional: **1 punto**

e.- Persoas que acrediten unha discapacidade igual ou superior ao 33%: **0,90 puntos**





Concello de Arbo

f.- Vítimas de violencia de xénero: **0,85 puntos**

g.- Persoas candidatas que formen unha familia monoparental con fillos ou fillas ao seu cargo (certificado emitido pola Xunta de Galicia): **0,83 puntos**

e. - Non ser perceptor de ningún tipo de prestación: **0,82 puntos**

- Perceptor de Prestacións/Subsidios menor ou igual a 200€ : 0,50 puntos.
- Perceptor de Prestacións/Subsidios entre 200€ e 600€: 0,25 puntos.
- Perceptor de Prestacións/Subsidios superior a 600€: 0 puntos

Xustificaranse con informes ou certificacións emitidas por parte dos Servizos Sociais Municipais ou doutros organismos competentes (Servizo de Emprego Público Estatal e Instituto Nacional do Seguridade Social) e en todo caso acompañado dunha declaración xurada.

2.- Responsabilidades familiares: Máximo 1 puntos.

Por cada familiar que non teña rendas e estea a cargo do candidato 0,25 puntos ata o máximo de 1 puntos. Entendéndose por estar a cargo da persoa candidata o/a cónxuxe, parella de feito rexistrada ou parella que leve convivindo máis de 5 anos, fillos e fillas menores de vinte e seis anos, ou fillos maiores con discapacidade, ou menores en acollemento, que non perciban ningún tipo de ingreso.

As circunstancias incluídas neste apartado deberán xustificarse achegando fotocopias do libro de familia, volante de convivencia expedido polo Concello e calquera outra documentación de algún Organismo Público que acredite a existencia destas responsabilidades, acompañada da declaración xurada, ademais a discapacidade deberá xustificarse achegando fotocopia do certificado que acredite a incapacidade.

Tódolos documentos e informes deberán ser orixinais e cotexaranse no Concello.

A falta de ingresos das persoas maiores de idade a cargo xustificaranse con informes ou certificacións emitidas por parte dos Servizos Sociais Municipais ou doutros organismos competentes (Servizo de Emprego Público Estatal e Instituto Nacional do Seguridade Social) e en todo caso acompañado dunha declaración xurada.

3.- Méritos profesionais: Máximo 0,50 puntos.

a) Por cada mes traballado ó servizo da Administración Pública, en funcións relacionadas co posto a desenvolver : 0,02 puntos por mes traballado.





Concello de Arbo

b) Por cada mes traballado en empresas privadas, en funcións relacionadas co posto a desenvolver: 0,01 puntos por mes traballado.

Para a determinación do número de meses acreditados polos interesados calcularase o número de días que transcorren entre a data inicial do período de servizos alegados e a data final de este. O número de días obtido dividirase entre trinta, de forma tal que o cociente enteiro resultante desta división será o número de meses por servizos prestados acreditados polo interesado Polo tanto, todos os meses de servizos computaranse como trinta días. O resto de días inferiores a trinta que arroxe a anterior operación non será obxecto de consideración para o cómputo na valoración. A efectos do cómputo da experiencia profesional, terase en conta a xornada de traballo fixada e a proporcionalidade que para cada período contractual resulte do informe de vida laboral.

A experiencia acreditarase mediante os correspondentes contratos laborais (ou de non telos co certificado de empresa) e informe de vida laboral. No caso de ter solicitado o informe de vida laboral e non dispor del no prazo de presentación de documentación, xuntarase a copia da solicitude debendo achegalo no prazo dos días de emenda.

Os documentos non entregados para a xustificación e valoración dos méritos no proceso selectivo, nos prazos establecidos nas presentes bases, tanto de presentación inicial como de emenda, non serán tidos en conta na valoración e non puntuarán.

Os documentos non entregados para a xustificación e valoración dos méritos no proceso selectivo, nos prazos establecidos nas presentes bases, tanto de presentación inicial como de emenda, non serán tidos en conta na valoración e non puntuarán.

A existencia dunha omisión ou falsidade nos documentos presentados para demostrar calquera dos méritos, debidamente demostrada, será causa de exclusión do proceso de selección. Si se demostra posteriormente falsidade será causa de rescisión do contrato.

Todos os documentos e informes que se acheguen deberán ser orixinais e cotexaranse no Concello.

Quinta.-Resolución de empates:

En caso de empate contratarase a persoa candidata que acredite maior número de puntos seguindo a orde dos criterios a puntuar nas presentes bases (situación persoal: situación de desemprego , mulleres con baixa cualificación ,candidato maior de 45, Persoas mozas con baixa cualificación , que acrediten unha discapacidade igual ou





Concello de Arbo

superior ao 33%, vítimas de violencia de xénero, familia monoparental con fillo a cargo, non perceptor de ningún tipo de prestación), responsabilidades familiares e méritos profesionais.

Sexta .- Comisión de Selección:

A Comisión seleccionadora estará integrada polos seguintes membros:

Presidenta: Dona María del Mar Sousa Alfaya, Traballadora Social do Concello.

Vogais: Dona Sandra Álvarez Pérez, Auxiliar Administrativa do Concello.
Dona Trinidad Núñez Núñez, Encargada Punto Limpo do Concello.
Don José Méndez Castro, Encargado Pavillón de Deportes.

Secretaria: Dona María del Mar Gil Rodríguez, Administrativa do Concello, que actuará con voz pero sen voto.

A Comisión resolverá por maioría de votos dos seus membros presentes todas as dúbidas e propostas que se poidan producir na aplicación das normas contidas nestas bases, e estará facultada para resolver as cuestións que se poidan producir na aplicación desta bases, así como as que se susciten durante o desenvolvemento do proceso selectivo, podendo adoptar as medidas necesarias para a súa adecuada materialización.

De cada sesión a secretaria da Comisión levantará acta que asinarán todos os membros da mesma, podendo facer constar na mesma as discrepancias ou distintas posturas manifestadas polos membros da comisión de selección, así como calquera outra circunstancia que consideren relevante.

Sétima.- Proposta de selección:

Valorados tódolos méritos alegados polos aspirantes que reúnan as condicións esixidas, o Presidente da Comisión formulará a correspondente proposta de contratación a favor dos candidatos que obtivesen a maior puntuación, remitíndose a mesma á Alcaldía, e sen superar, en ningún caso, o número de postos convocados. Esta proposta será publicada no taboleiro de anuncios do Concello.

Os /as aspirantes seleccionados/as presentarán Certificado médico de non padecer enfermidade ou defecto físico que impida o normal desenvolvemento das tarefas inherentes ao posto ofertado.

A Comisión configurará, igualmente, unha lista cos restantes aspirantes non seleccionados, segundo a orde da puntuación acadada, e no caso de renuncias, baixas





Concello de Arbo

ou substitucións, procederase ó chamamento da seguinte persoa, por rigorosa orde de puntuación, sempre que reúna os requisitos das bases reguladoras do Programa de Activación do Emprego 2024 da Deputación Provincial de Pontevedra (liña 3), procedendo a súa contratación polo tempo que reste ata o remate do contrato.

No suposto de que a listaxe de agarda se esgotase ou ningún dos seus integrantes estivese dispoñible para a súa contratación polo Concello, procederase a iniciar un novo proceso selectivo.

Oitava.- Resolución e contratación:

Á vista da proposta do Presidente da Comisión, a Alcaldía resolverá o procedemento selectivo, acordando a contratación dos candidatos seleccionados, de conformidade coa lexislación laboral aplicable.

O Sr. Alcalde procederá a asinar cos aspirantes seleccionados o corresponde contrato laboral, a través da modalidade do contrato para a mellora da ocupabilidade e a inserción laboral, ao abeiro do recollido na disposición adicional novena do Texto refundido da Lei de emprego, e serán dados de alta na Seguridade Social co código 505, ao ser a contratación a tempo parcial.

A non presentación no posto de traballo, no día e hora indicados, para o comezo da relación laboral, enténdese como renuncia ao posto de traballo salvo causas debidamente xustificadas.

Novena.- Réxime Xurídico:

Para o non previsto nestas Bases, ademais do previsto nas bases reguladoras do Plan de Obras e Servizos de Competencia Municipal (Plan Máis Provincia) 2024, publicadas no BOP de 3 de xaneiro de 2024, e aprobadas polo Pleno da Deputación Provincial de Pontevedra o día 29.12.2023, e dentro do Programa de Activación do Emprego 2024 da Deputación Provincial de Pontevedra (liña 3), rexerán como supletorias: a Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora de las Bases de Réxime Local; o Real Decreto 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido das Disposicións Legais vixentes en materia de Réxime Local, a Lei 5/1997, de 22 de xullo, de administración local de Galicia; o Real Decreto legislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da lei de Estatuto Básico de emprego público, Lei 2/2015 de 29 de abril de Emprego Público de Galicia, texto refundido da Lei de Emprego, aprobado polo Real Decreto Legislativo 3/2015, de 23 de outubro, e demais disposicións concordantes.

Décima.- Incidencias:





Concello de Arbo

A Comisión de Selección queda autorizada para resolver las dúbidas que se presenten e adoptalos acordos necesarios para a boa orde do proceso selectivo en todo o non previsto nestas bases.

Décima Primeira.- Impugnación:

Os/as interesados/as poderán impugnarla presente convocatoria e as súas bases, así como tódolos actos administrativos que se derivan da mesma nos casos e na forma establecidos na Lei 39/2015, de 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas, e na Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso Administrativa.

DOCUMENTACIÓN XERAL A PRESENTAR:

- ANEXO II Instancia no modelo normalizado
- ANEXO III Declaración responsable do cumprimento dos requisitos
- ANEXO IV Declaración responsable de datos de formación académica
- Orixinal ou copia compulsada do DNI en vigor (ou documento que acredite a súa nacionalidade).
- Informe de períodos de inscrición como demandante de emprego emitido polo SEPEG
- Para o **posto peón de servizos varios ou xerais** orixinal ou copia do carné de conducir tipo B e título de graduado ESO ou equivalente
- Para o **posto de 1 peón forestal durante 7 meses**, orixinal ou copia do carné de conducir tipo C
- Para o **posto de 1 peón forestal durante 6 meses**, orixinal ou copia do carné de conducir tipo B
- Para o **posto de Axudante de tarefas no fogar** : orixinal o copia do con carné de conducir tipo B, e título Ciclo Medio de atención socio-sanitaria ou certificado de profesionalidade de atención socio-sanitaria no domicilio ou equivalentes

OUTRA DOCUMENTACIÓN A ACREDITATIVA DE BAREMACIÓN DOS MÉRITOS:

- Orixinal ou copia compulsada do informe de vida laboral actualizado





Concello de Arbo

- Orixinal ou copia compulsada dos contratos de traballo ou certificado de servizos prestados
- Orixinal ou copia compulsada do certificado de discapacidade igual ou superior a 33%
- Orixinal ou copia compulsada do Certificado acreditativo da condición de vítima de violencia de xénero (mediante certificación dos Servizos Sociais da Administración competente ou centro de acollida, por resolución xudicial, orde de protección, ou informe do Ministerio Fiscal)
- Orixinal ou copia compulsada do Certificado de monoparentalidade emitido pola Xunta de Galicia.

NIVEL DE RENDA MÁIS BAIXA: Apartado e) do 1.- Situación Persoal:

- Xustificaranse con informes ou certificacións emitidas por parte dos Servizos Sociais Municipais ou doutros organismos competentes (Servizo de Emprego Público Estatal e Instituto Nacional do Seguridade Social) e en todo caso acompañado dunha declaración xurada.
- De igual modo a **falta de ingresos das persoas maiores de idade a cargo** xustificaranse con informes ou certificacións emitidas por parte dos Servizos Sociais Municipais ou doutros organismos competentes (Servizo de Emprego Público Estatal e Instituto Nacional do Seguridade Social) e en todo caso acompañado dunha declaración xurada
- Volante de convivencia
- Orixinal ou copia compulsada do Libro de Familia
- Orixinal ou copia compulsada da Sentencia de separación ou Divorcio.
- Certificado de minusvalía do fillo/a maior de 26 anos con discapacidade

Arbo, febreiro 2024

O alcalde do Concello de Arbo. Horacio Gil Expósito. Sinatura dixital á marxe.





Concello de Arbo

ANEXO I: Requisitos Específicos

Requisitos específicos para as seguintes categorías:

- **2 Peóns servizos varios ou xerais:** con carné de conducir tipo B, graduado ESO ou equivalente
- **9 Peóns forestais:** 1 peón con carné de conducir tipo B, 1 peón con carné C, e 7 peóns é indiferente poden non ter carné.
- **2 Axudantes de tarefas no fogar :** con carné de conducir tipo B, Ciclo Medio de atención socio-sanitaria ou certificado de profesionalidade de atención socio-sanitaria no domicilio ou equivalentes

DATAS PREVISTAS PARA O INICIO DAS CONTRATACIÓNS en dúas tandas:

- 2 peóns servizos varios 1 de marzo 2024 e 1 xullo 2024
- 9 peóns forestais... 1 de marzo 2024 e 1 xullo 2024
- 2 axudantes de tarefas da axuda no fogar... 1 de marzo 2024 e 1 xullo 2024

Estas datas son estimativas poderán anticiparse





Concello de Arbo

ANEXO II MODELO DE INTANCIA

D ^a ./D	
DNI	
ENDEREZO	
LOALIDADE	
C.P e PROVINCIA	
TELÉFONO	
EMAIL	

Enterada/o do posto de traballo que o Concello de Arbo pretende cubrir ao abeiro do PLAN MÁIS PROVINCIA 2024 LIÑA 3: ACTIVACIÓN DO EMPREGO, e recibindo citación do Servizo Público de Emprego para participar no proceso selectivo para ocupar un/uns posto/s de:

- ☐ Peón forestal
- ☐ Peón servizos varios
- ☐ Axudante de tarefas de axuda no fogar

DECLARO:

1. Que coñezo na súa integridade as Base que rexen a convocatoria
2. Que solicito ser admitida/o a esta selección e comprométome a someterme ás Bases que o regulan
3. Solicito se teña en conta a documentación presentada para o ou os postos que me presento

Xunto a presente instancia presento a seguinte **Documentación:**





Concello de Arbo

- Anexo III Declaración xurada
- Anexo IV Declaración de datos de formación académica
- Orixinal ou copia do DNI en vigor (ou documento que acredite a súa nacionalidade)
- Informe dos períodos de inscrición como demandante de emprego emitido polo SEPEG.

Para o **posto peón de servizos varios ou xerais**

- orixinal ou copia do carné de conducir tipo B
- e título de graduado ESO ou equivalente

Para o **posto de 1 peón forestal durante 7 meses**

- orixinal ou copia do carné de conducir tipo C

Para o **posto de 1 peón forestal durante 6 meses**

- orixinal ou copia do carné de conducir tipo B

Para o **posto de Axudante de tarefas no fogar :**

- orixinal ou copia do con carné de conducir tipo B
- título Ciclo Medio de atención socio-sanitaria ou certificado de profesionalidade de atención socio-sanitaria no domicilio ou equivalentes

Outra documentación acreditativa dos méritos:

- Orixinal ou copia do informe de vida laboral actualizado
- Contratos ou certificados de servizos prestados
- Orixinal ou copia compulsada certificado discapacidade igual ou superior ao 33%





Concello de Arbo

- Orixinal ou copia compulsada do Certificado acreditativo da condición de vítima de violencia de xénero (mediante certificación dos Servizos Sociais da Administración competente ou centro de acollida, por resolución xudicial, orde de protección, ou informe do Ministerio Fiscal)
- Orixinal ou copia compulsada do Certificado de monoparentalidade emitido pola Xunta de Galicia.

Acreditación de renda máis baixa: Apartado e) do 1.- Situación Persoal:

- Xustifícaranse con informes ou certificacións emitidas por parte dos Servizos Sociais Municipais ou doutros organismos competentes (Servizo de Emprego Público Estatal e Instituto Nacional do Seguridade Social) e en todo caso acompañado dunha declaración xurada.
- De igual modo a A falta de ingresos das **persoas maiores de idade a cargo** xustifícaranse con informes ou certificacións emitidas por parte dos Servizos Sociais Municipais ou doutros organismos competentes (Servizo de Emprego Público Estatal e Instituto Nacional do Seguridade Social) e en todo caso acompañado dunha declaración xurada
- Volante de convivencia
- Orixinal ou copia compulsada do Libro de Familia
- Orixinal ou copia compulsada da Sentencia de separación ou Divorcio.
- Certificado de minusvalía do fillo/a maior de 26 anos con discapacidade

AUTORIZO:

Que publique os meus datos persoais no taboleiro, sede electrónica e na páxina Web do Concello de Arbo.

Arbo, de de 2024

Asdo:.....

SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE ARBO (PONTEVEDRA).





Concello de Arbo

PROTECCIÓN DE DATOS	
Responsable do tratamento	Concello de Arbo
Finalidades do tratamento	Xestionar as solicitudes de participación na selección do PLAN MÁIS PROVINCIA 2024 LIÑA 3: ACTIVACIÓN DO EMPREGO
Lexitimación para o tratamento	O cumprimento dunha tarefa en interese público ou o exercicio de poderes públicos segundo a Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, e o Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público
Destino dos datos	Non se prevén
Exercicio de dereitos	As persoas interesadas poderán acceder, rectificar e suprimir os seus datos, así como exercitar outros dereitos ou revogar o consentimento segundo o previsto en https://www.concellodearbo.es/eportal/portal/index.php?id_seccion=573
Máis información e contacto coa persoa delegada de protección de datos	https://www.concellodearbo.es/eportal/portal/?id_seccion=572

ANEXO III

DECLARACIÓN RESPONSABLE

DELARO:

- Estar en situación de desemprego, estando inscrita/o no Servizo Público de Emprego de Galicia como demandante non ocupados dispoñible para o emprego (estes requisitos deberán cumprirse tanto no momento da selección coma no da formalización do contrato).
- Non padecer enfermidade, nin estar afectado por limitación física ou psíquica que sexa compatible co desempeño das correspondentes funcións ou tarefas correspondentes á praza á que opto.
- Non estar separado, mediante expediente disciplinario, do servizo de calquera administración pública, nin atoparse inhabilitado por sentenza firme para o exercicio de función públicas.
- Ser español ou nacional dalgún dos estados membros da Unión Europea. Para os nacionais doutros estados estarase ao disposto no artigo 57 do Estatuto Básico do Empregado Público; non obstante, se non é cidadán membro da Unión Europea, deberá, posuí-lo permiso de traballo necesario





Concello de Arbo

de acordo co establecido na Lei Orgánica 4/2000, de 11 de xaneiro, sobre dereitos e liberdades dos estranxeiros en España e a súa integración social.

- Ter cumpridos os 16 anos e non exceder, no meu caso, da idade máxima de xubilación forzosa.
- Non atoparse incurso en ningunha das causa de incapacidade e incompatibilidade previstas na lexislación vixente.

- Que os **ingresos mensuais que percibo** son: _____ €
- **Familiares a cargo (nº e parentesco):** _____

Para o **posto peón de servizos varios ou xerais**

- Estar en posesión do carné de conducir tipo B
- Estar en posesión título de graduado ESO ou equivalente

Para o **posto de 1 peón forestal durante 7 meses**

- Estar en posesión do carné de conducir tipo C

Para o **posto de 1 peón forestal durante 6 meses**

- Estar en posesión do carné de conducir tipo B

Para o **posto de Axudante de tarefas no fogar :**

- Estar en posesión carné de conducir tipo B
- Estar en posesión do título Ciclo Medio de atención socio-sanitaria ou certificado de profesionalidade de atención socio-sanitaria no domicilio ou equivalentes

Arbo, de de 2024

Asdo:.....





Concello de Arbo

ANEXO IV

DECLARACIÓN RESPONSABLE DE DATOS DE FORMACIÓN ACADÉMICA

DELARO:

O meu nivel máis alto de estudos que posúo e podó acreditar é:

- ☐ Certificado de Estudos Primarios
- ☐ Título de Graduado Escolar
- ☐ Título ESO
- ☐ Bacharelato
- ☐ Formación Profesional de Grao Medio
- ☐ Formación Profesional de Grao Superior
- ☐ Grao, diplomatura ou licenciatura

Arbo, de de 2024

Asdo:.....

